

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de abril de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de abril de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE MARZO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de marzo de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A DON ELIGIO RIVAS QUINTAS.-

O presidente da comisión dá conta da provincia da Presidencia.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, manifesta o total apoio do seu grupo á dita concesión, e indica que poucas persoas poden ser máis merecedoras da dita distinción que Eligio Rivas e que, neste caso, é o premio, a medalla de ouro da provincia, o que se vai ver prestixiado pola persoa á que se lle concede. A continuación fai un breve repaso sobre as achegas máis destacadas de Eligio Rivas á cultura galega en xeral e á ourensá en particular, concluindo que para el persoalmente será un orgullo no futuro poder dicir que foi parte dunha corporación provincial que lle outorgou a medalla de ouro da provincia a Eligio Rivas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, manifesta a súa conformidade con todo o exposto. Engade que, en particular, existen obras de Eligio Rivas moi vinculadas coa Comarca da Limia, polo que entende que a dita distinción é totalmente merecida.

O **presidente da comisión** agradece as intervencións de apoio de todos os grupos para iniciar este expediente.

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Ratificar a providencia da Presidencia, do 9 de abril de 2018, pola que se incoa o expediente para o outorgamento da medalla de ouro da provincia de Ourense ao insigne escritor ourensán don Eligio Rivas Quintas.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA VÍA DA PRATA-CAMIÑO MOZÁRABE.-

O presidente da comisión dá conta do contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, en relación co punto segundo da proposta de acordo, e no que se fala de que a Deputación porá a disposición da Xunta as instalacións necesarias para a apertura do centro, pregunta se xa existe previsión dalgunha instalación ou edificio concreto para o dito fin.

O presidente da comisión contesta que en todo caso terán que ser de características

adecuadas, para albergar o dito centro de interpretación, cunha localización acorde dentro da cidade e que no caso de que a administración autonómica decida aceptar a proposta se proporán opcións para a súa localización.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia a creación do Centro de Interpretación da Vía da Prata-Camiño Mozárabe na cidade de Ourense como parte das accións que o goberno galego proxecte de cara ao Xacobeo 2021.

2º.- A Deputación de Ourense porá a disposición da Xunta de Galicia as instalacións necesarias para a apertura do centro, cuxa dotación correría a cargo do goberno autonómico seguindo a liña doutros centros referidos aos camiños de Santiago.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18.18 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.